



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP DE ARDÁN

www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº

Tel. 886 151 331/886 151 332

Fax 886 151 333

ceip.ardan@edu.xunta.gal

Criterios xerais do centro sobre promoción

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. A decisión sobre a promoción, segundo establece a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, realízase nos cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria e só poderá acontecer unha vez en toda a etapa.

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. As diferentes programacións de cada curso afondarán nos instrumentos de avaliación empregados para acadar estas cualificacións. A familia (nais, pais ou persoas legais) deberá estar informada desta posibilidade, cando menos, con 1 mes de antelación. Ademais, deberá ser oída antes de tomar a decisión.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna. De decidir a non promoción do alumnado, o equipo docente verase na obriga de elaborar un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, ese alumno ou esa alumna poida alcanzar o grao de adquisicións das competencias

correspondentes. As familias serán informadas trimestralmente do desenvolvemento deste plan.

Ao remate do segundo e cuarto curso, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ademais, ao finalizar a etapa, cada alumno ou alumna recibirá un informe elaborado pola persoa titora ou titor que reflecta a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de haber medidas de reforzo adoptadas e/ou adaptacións para alumnado con estas necesidades, tamén se fará constar.

Criterios para a concesión da mención honorífica

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente en, polo menos o 80% das áreas e das competencias ao rematar educación primaria, é dicir, que demostren un rendemento académico excelente, interpretado este, ademais, como un alto grao de adquisición das diferentes competencias e obxectivos desa etapa.